

ARTE MEDIEVAL O editor ourensán residente en Barcelona abre o 4 de maio en Santiago unha exposición coas súas reproducións clónicas de fermosos códices e mapas medievais

Moleiro na Casa Simeón

Rescata para os ollos contemporáneos obras secuestradas durante séculos en bibliotecas e museos

carina regueiro • Santiago

Manuel Moleiro é coñecido en todo o mundo polas súas reproducións clónicas dos códices máis fermosos realizados na época medieval e no Renacemento.


Polas súas mans pasaron algúns dos libros mellor gardados a través dos séculos, nalgúns casos "tocados unicamente por catro ou cinco persoas en 500 anos", asegura.

A súa editorial, localizada en Barcelona e considerada a mellor do mundo nesta tarefa, rescata para os ollos do home contemporáneo obras secuestradas en vitrinas de bibliotecas ou nas caixas fortes dos museos, dando así a oportunidade a estudiosos e bibliófilos de desfrutar delas de principio a fin.

Os códices de Moleiro poden atoparse nestes momentos en máis de oitenta países. Ademais de facelos renacer, encárgalles ós mellores medievalistas o seu estudo. É a súa contribución á cultura e ó mantemento dun legado que, de non ser polo seu traballo, o tempo e as súas feridas encargaríanse de borrar.

O vindeiro 4 de maio, a Casa Simeón de Santiago acollerá a inauguración da exposición *Tesouros bibliográficos e mapas medievais*, unha mostra do seu traballo ó longo de doce anos que se poderá desfrutar ata o día 28.

Este galego universal de San Falcundo de Cea traerá á cidade do Apóstolo por primeira vez, entre outros, a fastuosidade das imaxes de



Reprodución case-orixinal da Editorial Moleiro do 'Beato de Liébana, Códice do Mosteiro de Santo Domingo de Silos'



A CERNA Edicións como obras pintadas

A Editorial Moleiro realiza unha tirada única de 987 exemplares numerados e autenticados notarialmente de cada códice. As bibliotecas que custodian os orixinais, unha vez que deixan as súas xoias para seren reproducidas, non o volven

permitir. Os clónicos reproducen todos os detalles do códice, empezando polo soporte cun papel especial de espesor variable, ata a impresión, con ouro, prata e tinguiduras case idénticas. Máis que unha obra impresa é unha obra pintada.

varios códices do *Beato de Liébana*, cualificados por Umberto Eco como "o maior acontecemento iconográfico da historia da humanidade", a *Biblia de San Luís*, unha magna obra en tres tomos do século XIII encargada para a educación do rei de Francia, *El Caballero Zifar*, a primeira novela escrita en castelán e o libro polo que o editor sente predilección e *El libro de los medicamentos simples*, un volu-

me excepcional non só pola beleza das súas ilustracións senón porque corresponde á culminación dos saberes curativos dos medievais europeos. Os que acudan a esta maravillosa exposición tamén poderán contemplar a reprodución do *Atlas Universal de Diego Homem*, un códice pertencente á Biblioteca de San Petersburgo, obra dun cartógrafo portugués do século XVI. ●



EN, UN NOME DE MULLER DO SÉCULO X QUE REVOLUCIONOU OS 'SCRIPTORIA'

A mostra da editorial de Manuel Moleiro na Casa Simeón contará co seu último traballo. Presentado a semana pasada no Museo Nacional d'Art de Cataluña, o 'Beato de Liébana, códice de Girona' é o máis iluminado de todos os Beatos e o único que se sabe que foi pintado por unha muller chamada En (End depintrix), que contou, como axudante, co presbítero Emeterio. Durante moito tempo esta ar-

tista do século X foi menosprezada polo simple feito de ser muller. No estudo que acompaña este case-orixinal, como lles gusta chamar a Moleiro ás súas edicións, corrixese esta afronta por Carlos Miranda, autor do estudo das miniaturas. Moleiro ten compradores e admiradores en todo o mundo. Son bibliotecas, universidades, institucións culturais e particulares que esperan con ansiedade o nacemento

dun novo case-orixinal. No seu obradoiro, un equipo de sesenta persoas logran o milagre mesturando as técnicas artesanais máis antigas coa última tecnoloxía. É un labor longo e laborioso que implica polo menos 18 meses de traballo para culminar a edición dun códice. O resultado deste fascinante labor editorial poderá contemplarse en Santiago de Compostela a partir da vindeira semana.